

Ricardo Carvalho Calero: ciencia, literatura e nación

[cursos_congresos_simposios](#)



RICARDO CARVALHO CALERO: ciencia, literatura e nación

Coordinación editorial de:

Carlos Caetano Biscainho Fernandes

Xosé Manuel Sánchez Rei

A Coruña 2011

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

SERVIZO DE PUBLICACIÓNS

RICARDO CARVALHO CALERO: ciencia, literatura e nación

Coordinación editorial:

BISCAINHO FERNANDES, Carlos Caetano, SÁNCHEZ REI, Xosé Manuel

A Coruña, 2011

Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións

Cursos-Congresos-Simposios, n.º 117

N.º de páxinas: 216

Índice, páxina: 5

ISBN: 978-84-9749-475-5

ISBN: 978-84-9749-771-8 (electrónico)

Depósito legal: C 1033-2011

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497718>

CDU: 80: Lingüística. Filoloxía.

811.134.4: Galego.

821.134.4: Literatura galega

Edición

Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións

<http://www.udc.es/publicaciones>

© Universidade da Coruña

Distribución

Galicia: CONSORCIO EDITORIAL GALEGO. Estrada da Estación 70-A,

36818, A Portela. Redondela (Pontevedra). Tel. 986 405 051.

Fax: 986 404 935. Correo electrónico: pedimentos@coegal.com

España: BREGÁN. C/ Lanuza, 11. 28022, Madrid. Tel. 91-725 90 72.

Fax: 91- 713 06 31. Correo electrónico: breogan@breogan.org.

Web: <http://www.breogan.org>

Deseño da cuberta: Servizo de Publicacións da UDC

Imprime: Lugami Artes Gráficas

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso previo e por escrito das persoas titulares do copyright.

Índice

Nota dos editores	7
A gramática galega no século XX. O contributo de Carvalho Calero Rosario Álvarez	13
<i>Auto do prisioneiro</i> nas Mostras de Ribadavia: a recepción cénica da obra dramática de Carvalho Calero no período refundacional do teatro galego Carlos Caetano Biscainho Fernandes	31
Momentos de memoria persoal e comunal de RCC Carmen Blanco	49
Carvalho Calero e a lingua galega: coherencia, compromiso e visión de futuro Xosé Ramón Freixero Mato	67
Pensamento, intervención e ciencia María Pilar García Negro	87
Ricardo Carvalho Calero, soliloquio contra a desesperanza Francisco Rodríguez Sánchez	91
O labor universitario de Ricardo Carvalho Calero José Luís Rodríguez	111
Etapas no pensamento lingüístico de Ricardo Carvalho Calero José-Martinho Montero Santalha	127
Ricardo Carvalho Calero: planificador da lingua galega Bernardo Penabade Rei	147
Achegamento urxente á narrativa de Carvalho Calero Henrique Rabuñal	157
Carvalho Calero poeta: a palabra no exilio Francisco Salinas Portugal	175
A sociolingüística sobre o galego antes e despois de 1936. O contributo de Carvalho Calero Goretti Sanmartín Rei	187
O teatro de Ricardo Carvalho Calero Laura Tato Fontaiña	201

Nota dos editores

**Carlos Caetano Biscainho Fernandes e
Xosé Manuel Sánchez Rei**

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497718.007>



Este volume recolle relatorios presentados ás *Xornadas Ricardo Carvalho Calero: ciencia, literatura e nación*, coorganizadas polo Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega, co patrocinio da Concellaría de Cultura do Concello da Coruña, que se celebraron na Reitoría da Universidade da Coruña entre os días 23 e 26 de novembro do ano 2010. Nunha época, a nosa, tan necesitada do preclaro pensamento de don Ricardo, as *Xornadas* organizáronse en mesas que propiciaron o debate entre especialistas que se teñen dedicado ao estudo da figura e da obra de Carvalho, en canto serviron tamén como punto de encontro a estudantes e ao público interesado. O cultivo de todos os xéneros literarios, a súa monumental obra como estudioso da literatura galega, a súa disposición a divulgar onde queira que fose temáticas da lingua, da cultura ou da literatura galega, a súa naqueles tempos imprescindíbel *Gramática elemental* etc. foron algúns dos centros de interese que estearon as sesións que se desenvolveron nesas datas.

Na verdade, os prismas desde os cales podemos achegarnos a Carvalho son múltiples: o rigoroso catedrático universitario, o sucesoso gramático, o fino poeta, o elegante orador, o comprometido galeguista, o elocuente profesor no Colexio Fingoi, o sabio académico, o infatigábel estudioso da nosa literatura, o inquebrantábel intelectual ao servizo do seu país, o brillante romancista, o sempre defensor da lingua, o singular dramaturgo, o fértil ensaísta, o erudito editor de textos literarios, o facho do reintegracionismo tradicionalmente defendido xa desde Sarmiento, o articulista etc. Foi xusta decisión dos membros do Comité Organizador, por tanto, consagraren unhas xornadas en que se puidesen abordar esas tan variadas perspectivas. A pesar de que na actualidade existen obras colectivas ou individuais en que se aborda a obra e a figura de Carvalho Calero, o certo é que continúa propositada e inxustamente secundarizada por parte de organismos oficiais, sen un mínimo recoñecemento e, aínda tamén, sen unha efectiva e meritoria dedicación do Día das Letras Galegas. Por

este motivo, prouvo ás persoas integrantes dos antecitados comités realizaren esta actividade cando se cumpren cen anos do nacemento de Carvalho e vinte anos do seu pasamento, unhas datas que pasaron totalmente despercebidas para os poderes públicos, académicos e oficiais a que tantas horas da súa vida dedicou don Ricardo.

Desde o Comité Organizador quixose que a concepción e o desenvolvemento das *Xornadas Ricardo Carvalho Calero* tivesen dous formatos diferentes. Por un lado, aquelas en que, tras a exposición do tema por parte do especialista, se abriu un diálogo cun argüente. Por outro, definíronse unhas sesións integradas por varios estudos cuxas intervencións foron orientadas pola figura dun moderador que ía introducindo os temas sobre os cales dialogarían as persoas intervinientes nesa mesa.

Pretendeuse, con todo, que esta modalidade de organización dos relatorios e das mesas non tivese repercusións nestas actas e pediuse aos autores o esforzo de redixiren as súas exposicións. A disposición dos traballos que se hoxe aquí presenta estivo orientada polo criterio de ordenamento alfabético. Así, o primeiro texto é o de Rosario Álvarez, que trata as circunstancias que rodearon o aparecemento da *Gramática elemental del gallego común*, contextualizada nun marco histórico e social marcado pola escaseza de estudos desta índole, ao paso que pondera o fito editorial e académico que a tal obra supuxo. O segundo contributo, da autoría de Carlos Caetano Biscainho Fernandes, aborda a recepción da obra dramática de Carvalho Calero, e, en especial *O auto do prisioneiro*, nunhas coordenadas socioculturais basilares para a comprensión do teatro galego moderno, como foi a época das Mostras de Ribadavia, verdadeiro cerne da actividade dramática actual. O texto de Carmen Blanco evoca a figura de Carvalho partindo das lembranzas persoais e colectivas da autora baseadas na etapa lucense do polígrafo ferrolán, na época compostelá ou no momento das edicións e dos estudos que Blanco centrou en Carvalho, hoxe de obrigada consulta por parte do público interesado. Por súa vez, Xosé Ramón Freixeiro Mato estuda a visión da lingua que se proxecta desde o maxisterio de don Ricardo, o grande esforzo e compromiso que supuxeron a elaboración da *Gramática elemental* e a súa percepción de cales son os rumos que debe seguir o galego na propedéutica dun lóxico e necesario achegamento á variedade lusitana da nosa lingua. O texto de María Pilar García Negro serviu como preludeo á mesa dedicada á figura de Carvalho Calero como nacionalista e como profesor universitario, de forma que a ordeación nas *Actas* do contributo de Francisco Rodríguez, embora non debese figurar alfabeticamente aquí disposto, cobra sentido a termos ese dato en conta. Así, o artigo de Rodríguez pondera a validez intelectual, ideolóxica e humana de Carvalho e sinala que as organizacións nacionalistas e as reintegracionistas na Galiza foron

e aínda continúan a ser as que reivindicán maiormente a súa figura. E, por súa vez, da experiencia de Carvalho Calero na universidade ocúpase José Luís Rodríguez, a focar o labor docente e investigador desenvolvido por Carvalho no marco académico da Cátedra de Lingua e Literatura Galegas da universidade. Outrosí, o artigo de J.-M. Montero Santalha aborda as diferentes etapas no pensamento lingüístico de Carvalho, desde os seus estudos da linguaxe literaria dos clásicos do século XIX até á conceptualización e defensa do galego como unha lingua falada no mundo e coñecida co nome de portugués, pasando polas etapas intermediarias da elaboración da *Gramática elemental* ou mesmo da publicación de diversos opúsculos lingüísticos. Noutra orde de cousas, o ámbito da planificación lingüística nordea o estudo de Bernardo Penabade, que salienta o contributo de Carvalho nesa esfera da proxección pública do galego nuns tempos certamente particulares para estes labores. O profesor Henrique Rabuñal ocúpase nesta edición de percorrer a narrativa carvalhiana, ao paso que serve para verificar, tamén nesa esfera da creación literaria, o valor dos textos narrativos de don Ricardo, autor de hoxe imprescindíbeis referencias literarias como *A gente da Barreira* ou *Scorpio*. A validade da poesía de Carvalho Calero e o facto de Carvalho sempre se sentir autor lírico son o tema que desenvolve Francisco Salinas Portugal, que salienta, entre outros aspectos, que, desde o aparecemento de *Vieiros* en 1930 até as póstumas *Reticências* de 1990, a súa obra está caracterizada por unha dedicación constante á poesía. Por seu turno, o traballo de Goretti Sanmartín Rei estuda os trazos xerais da sociolingüística galega antes e despois do ano 1936, para despois ponderar en que consistiron as achegas de Carvalho, en moitos aspectos totalmente asumíbeis nos tempos en que estamos. O derradeiro contributo aquí incluído, da autoría de Laura Tato, encerra as *Actas* sinalando que, aínda que el propio se considerase máis un poeta ou un estudioso da literatura, escribiu teatro coa intención de preencher as lacunas que presentaba a literatura dramática naqueles tempos.

En síntese, coidamos que os contributos editados dan perfecta conta da poliédrica figura de Carvalho, cuxos ensinamentos académicos, creación artística e valía humana e intelectual presentean ouriveamente os tempos actuais ao daren idea dun compromiso vital, dunha actitude intelectual, dunha dedicación comprometida e dunha honestidade académica dignas de seren imitadas. Os editores, no nome do Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña, congratúlanse en lanzar ao público lector os traballos aquí reunidos, que sen dúbida coadxuvarán nun mellor e necesario coñecemento de Ricardo Carvalho Calero.